

LAIOS CULTIVADOS

*“Que estás aquí— que existe a vida e a identidade
que prosegue o poderoso drama, e que
podes contribuír cun verso”*

Walt Whitman

Hai que saír ás rúas
como poetas
e non coma soldados.
Debemos quitar
os cascos deterministas,
os cascos monotemáticos
e pór os berros nos beizos no corazón
vermellos
pero pola paixón
e non polos golpes;
Temos beizos guerreiros,
ideas, versos
e folgos
en cada engurra.
A nosa é terra de poetas,
de ondas que deixan letras
na espuma.
Modulemos as fosas bocas,
irrigadas dun sangue
vermello,
coma a poesía.

ENCONTRO NO RECREO CUNHA MATONA QUE ACERNOU O TEMPO DE LECER

Chegou a Historia,
rapaza ben feitiña
de grandes curvas,
unha muller
cambiante e... temperamental,
sí, bastante!
Deunos dúas labazadas,
unha por cada lado da faciana,
e aínda buscamos o xeito que construírmos
nunha terceira fazula ou meixela
para que mallase máis en nós.
As nádegas non as puxemos,
coido que por pudor
[din que non está moi ben visto...
a verdade, teñen razón...
andar por aí a amosar o cu arroibado non é moi decente...
non si?]
(Moita xente riseira, moito trafegar,
moitos ocultamentos.) Voltou
a nosa amiga,
obviamente aínda non estaba contenta.

Voltou canda nós,
canda ti,
canda min,
canda os golpes
a ferir.

Daniel Amarelo Montero

DÍAS DE SOL E DÍAS DE BRÉTEMA

I

Noites de yerbas negras
e dor transparente.
Un recordo baleiro nos ollos tortos do pasado.

Esperto incandescente.
Funesta hora na que as paixóns
se tragaron os meus soños...
e os vicios.
Engulo a saliva que me queda
nas enxivas ensanguentadas.

Intáctil dor lasciva
que conmuta alma por verso.
Inobservante, inusitada...

II

O sol derrete a xanela do cuarto
e súan as paredes pingas de xeadro pegañento.
Lambo os muros agridoceos da cela diúrna que me
atormenta.

Sinto un agarimo hialoide...
Volátil dor que foxe cos suspiros.

Teño o sentimento escualido
da fame que pasa.

III

Son gata insomne nos teus ollos
mirándote mentres dormes
para meterme nos teus soños.

Quero levarte na pel
coma o salitre
nas tardes de agosto,
bañarme no mar da túa boca
e a-fogar.

IV

En quero voar.
Ficar suspendida enriba dos ollos da xente.
Poder verlles as pencas soñadoras,
esas ás que renuncian.

Eu...
quero pousar as miñas mans
no ceo infinito.
Facerlle cóxegas ao Sol.
Voar tan alto que a Terra me esixa baixar
pola gravidade do asunto.

Laura Casal Tizado

De papulas e destrución, Padrón, 2014.